

Fundación Repsol convoca o Premio Narrativa Breve Repsol cunha dotación económica de 15.000 euros

Fundación Repsol convoca a XX edición do Premio Narrativa Breve Repsol en colaboración coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia que busca impulsar e reforzar a creación de literatura en lingua galega.

Con motivo do 20º aniversario o premio ascende aos 15.000 euros e inclúe a publicación da obra por parte da Editorial Galaxia.

O secretario xeral da Lingua, **Valentín García Gómez**, e a xerente de Relacións Institucionais de Fundación Repsol, **Mercedes Gómez Badiola**, anunciaron esta mañá a nova convocatoria do Premio, que ambas as entidades promoven desde o 2006, e que este ano aumenta a súa dotación económica con motivo do seu 20º aniversario. Durante o encontro estiveron acompañados polo director xeral da Editorial Galaxia, **Marcos Calveiro**.

O galardón, un dos referentes das letras galegas, contará con 15.000 euros de premio para o escritor/a gañador/a e a publicación da súa novela curta por parte da Editorial Galaxia.

O Premio Narrativa Breve Repsol busca desde a súa creación ser unha vía de promoción para que escritores/as galegos/as cheguen ao público a través do certame literario. Ademais, co apoio da Xunta de Galicia, busca impulsar o uso social da lingua galega, un dos ámbitos prioritarios para a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Requisitos de participación

As obras poderán enviarse ata o próximo 31 de xullo. Os textos deberán ser orixinais e escritos en galego, conforme a normativa establecida pola Real Academia Galega, e terán unha extensión non inferior a 120.000 caracteres con espazos incluídos nin superior a 270.000 caracteres con espazos incluídos.

Unha vez pechado o prazo, o xurado decidirá a obra gañadora que se dará a coñecer a finais do mes de setembro. Este xurado conformado por cinco prestixiosos profesionais das letras galegas, representan á Fundación Repsol, á Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia, á Real Academia Galega, á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e á Editorial Galaxia.

As bases desta última convocatoria están dispoñibles na web acoruna.repsol.es/gl.

O Premio Narrativa Breve Repsol

O Premio Narrativa Breve Repsol, como xa se sinalou anteriormente, é un dos galardóns referentes das letras galegas e así o reflicte as súas cifras de participación. Desde o seu nacemento foron case 600 as obras orixinais de escritores galegos e dezanove as obras publicadas.

O Premio creado no ano 2006 polo Complexo Industrial de Repsol da Coruña e vertebrado de forma conxunta coa Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia, co obxectivo de fomentar a cultura e a lingua galega. No 2010, Fundación Repsol toma a substitución no impulso do certame, que, desde o seu inicio, conta co apoio da Real Academia Galega e da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), así como coa estreita colaboración da Editorial Galaxia, que editou as anteriores obras gañadoras.

Na primeira edición, en 2006, o xornalista, **Miguel Sande**, conseguiu este galardón pola súa obra *Se algún día esta muller morta* e **Xavier Lama**, profesor da USC e xornalista, conseguiu un accésit por *O insomnio dos centauros*.

A gañadora da segunda edición foi a obra *Así nacen as baleas*, da escritora **Ánxeles Sumai**, e na terceira o narrador, dramaturgo e debuxante humorístico **Xosé Luís Martínez Pereiro** obtivo o galardón por *A verdade como mal menor*.

Na edición 2010 o premio foi para o escritor, **Xurxo Sierra**, pola súa obra *Os Fios. Microbios e outros paquidermos* de **Fernando Díaz-Castroverde** gañou a edición de 2011.

En 2012, o galardón foi para *A forma das nubes*, de **María López Sandez**; mentres que no 2013 a novela curta gañadora foi *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de **Berta Dávila**.

No 2014 **Santiago Lopo** conseguiu o premio grazas á súa obra *A diagonal dos Tolos* e no 2015 a novela galardoada foi *Fontán* do vigués, **Marcos Calveiro**. **Daniel Asorey** converteuse no gañador da edición de 2016 con *Nordeste*.

O xornalista, escritor e profesor, **Xosé A. Neira Cruz**, obtivo o galardón por *O sono das sereas* no 2017 e o monfortino, **Antón Lopo**, gañou no 2018 pola súa obra *Extraordinario*.

Nas edicións de 2019 e 2020 foron galardoados dous novos escritores galegos: **Gonzalo Hermo** pola súa obra *Diario dun enterro* e **Berta Dávila** converteuse por segunda vez en gañadora deste galardón coa súa novela breve *Illa Decepción*.

No 2021, a novela *Eternity* do escritor **Xosé Monteagudo** foi a obra elixida polo para obter o premio, e no 2022 foi o gañador desta edición, **Alberto Ramos**, pola súa novela *Os corpos dos Romanov*. No 2023, o gañador do galardón foi **Fran Fernández Davila** pola súa obra *Groenlandia* e na penúltima edición, **Ramos** converteuse por segunda vez en gañador coa súa novela *Pirotecnia*.

Pecha a lista de obras gañadoras, *Illa de sangue*, da escritora **Carmen V. Valiña** que foi recoñecida na última edición do Premio.

Máis información: acoruna.repsol.es/gl e www.fundacionrepsol.com